

M^a C. García Rodríguez (2004): “Estudio lingüístico e sociolingüístico da gheada no concello de Rianxo”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 353-364.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

ESTUDIO LINGÜÍSTICO E SOCIOLINGÜÍSTICO DA GHEADA NO CONCELLO DE RIANXO

M^a Carme García Rodríguez

Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela

No galego oral coexisten dous sistemas fonolóxicos alternativos: un sistema que presenta un fonema velar oclusivo sonoro /g/ –*sistema de non gheada*– e outro sistema que presenta, nos mesmos contextos có anterior¹, un fonema /h/ aspirado, normalmente faringal e xordo –*sistema de gheada*.

Este fenómeno característico do galego, a pesar de presentar maior número de falantes e tamén maior extensión xeográfica có *sistema de non gheada*, é totalmente extraño no galego culto estandarizado e iso que as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, desde o 1982, dan a pronuncia con *gheada* –e tamén ocorre co *seseo*– como sistema alternativo (Álvarez 1986: 27, 31-32). Parece que a sociedade escolleu xa como modelo lingüístico un galego que non presente nin *gheada* nin tampouco *seseo*.

A extensión xeográfica do fenómeno en todo o dominio lingüístico galego estu-
diouna Fernández Rei (1990: 164-177). O concello de Rianxo inclúese totalmente na zona que se caracteriza por presentar *gheada*.

1. O CONCELLO DE RIANXO. SITUACIÓN XEOGRÁFICA E NOTAS SOBRE AS FALAS DO CONCELLO

Rianxo, situado no costado de noroeste da ría da Arousa, ó sur da provincia da Coruña, na desembocadura do río Ulla que o separa da provincia de Pontevedra, consta de seis parroquias (mapa 1): Araño, Asados, Isorna, Leiro, Taragoña e Rianxo. Son un total de

¹ Se nos cinximos ó contexto onde aparece precedido de nasal en interior de palabra, aparece [ŋg] ou [ŋk] xeralmente, aínda que tamén pode rexistrarse *gheada*.

12.193 habitantes, sendo as parroquias con máis demografía Taragoña (2.722) e Rianxo (4.213)².

Araño, Asados e Isorna son parroquias fundamentalmente agrícolas; Taragoña e Leiro teñen unha economía baseada na agricultura e algo no mar; a vila de Rianxo é a única poboación que vive exclusivamente do mar, a única totalmente mariñeira (agás as pequenas aldeas de Rianxiño, o Barral, o Paso e unha pequena parte de Fincheira que aínda sendo da mesma parroquia eran basicamente agrícolas). Nos últimos anos, o cambio económico que supuxo na ría a industria mexilloeira, non modificou substancialmente a situación descrita persistindo unha clara diferenciación entre as parroquias só agrícolas, agrícolas e mariñeiras e só mariñeira.

Desde o punto de vista lingüístico había tamén unha maneira característica de fala que separaba e distinguía os “pescos” ou “lañas” dos “da aldea”. Así, a fala dos mariñeiros caracterizábase, por exemplo, por presentar un pronome átono de terceira persoa singular ou plural **ñe**, fronte ó **lle** das falas dos rianxeiros non vilegos: **diñe** fronte ó **dinlle** ou **deille**; ou pola utilización da preposición **de** no canto de **en**: **vai da casa, está da casa** por **vai na casa, está na casa**. Pero sen dúbida o que mellor caracterizaba as falas eran o *seseo* e a *gheada*. O *seseo* vilego –e tamén en parte o *seseo* de Leiro e Isorna– era e é *seseo* apical, mentres que nas outras parroquias o *seseo* era –e aínda segue a ser en parte– predorsal. Tamén había diferenciación nas realizacións da *gheada*: a *gheada* dos falantes da vila era, e é, [x] e a *gheada* de Leiro, Isorna, Taragoña, Araño e Asados era, e xa non o é tanto, [h].

Hoxe, pode que por posuír unha mellor escolarización e polo tanto maior destreza no dominio do castelán, ou polos modelos lingüísticos –galego, castelán– dos medios de comunicación oral, estas particularidades das que falabamos presentan unha situación distinta da que acabamos de describir.

Baseándonos nun corpus de gravacións que fixemos nas diferentes parroquias do concello a informantes de diferentes xeracións e na observación directa, podemos dicir que só esporadicamente, e en informantes de idade, aparece o pronome átono **ñe** entre os mariñeiros. O *seseo* apical está estendendo o seu dominio, de xeito que as parroquias que só presentaban *seseo* predorsal, posúen xa falantes con *seseo* apical. E o mesmo ocorre coa *gheada*: a realización [h], que caracterizaba os falantes das aldeas fronte ós da vila, está sendo substituída pola pronuncia velar.

O que se pretende neste relatorio é vermos cál é o estado actual do fenómeno da *gheada* no concello de Rianxo.

² Os datos proceden do Concello, referidos ó censo municipal do 1996.

Nas falas que presentan o sistema de *gheada*, a realización máis común é un son aspirado farínxeo xordo [h], aínda que tamén poden oírse outras realizacións, entre elas, nas zonas costeiras pode rexistrarse un son fricativo velar xordo [x] (Fernández Rei 1990: 163-164)³.

Nos nosos informantes encontramos unha realización aspirada fricativa faringal xorda [h] e unha fricativa velar xorda [x], que alternan libremente segundo os falantes. O son [h] dáse nas persoas de idade e indica que o informante non é da vila. Como en ningún caso se produce oposición fonolóxica podemos considerar que os sons [x] [h] son alófonos dun mesmo fonema que, de momento, podemos seguir considerando aspirado faringal xordo /h/ e non velar fricativo xordo /x/.

De xeito esporádico –fóra do caso do grupo [ɲg]– pódese oír, nalgúns casos, unha realización oclusiva ou fricativa velar sonora. Estas realizacións cremos que deben ser consideradas como interferencias do castelán ou influxo do galego estándar de *non gheada* e, polo tanto, deberíamos consideralas como realizacións do /g/: [ˈgɔnjo], [raðjoʋʌɸɛɸia] ou [ˈbiʋo].

3. DISTRIBUCIÓN DA GHEADA. O GRUPO [ɲg]

O fonema /h/, coas realizacións indicadas [x] ou [h] segundo a idade do falante e a súa localización, aparece ou pode aparecer en todas as posicións nas que concorre o /g/ da zona de *non gheada*. Así:

A) En posición inicial:	a) Con vocal:	[xáˈmɛla]	‘gamela’
		[ˈxora]	‘gorra’
		[ˈhando]	‘gando’
		[ˈhusto]	‘gusto’
	b) Ante consoante:	[ˈxloβo]	‘globo’
		[ˈxritos]	‘gritos’
		[hɾaˈðar]	‘gradar’
		[ˈhrupo]	‘grupo’
		[ˈhrilo]	‘grilo’
		B). En posición interior:	a) Intervocálica:
[beˈʃihaʃ]	‘vexigas’		
[karˈxaða]	‘cargada’		
[arefejˈxar]	‘arrefeigar’		
[ˈfihos]	‘figos’		
[boˈhar]	‘vogar’		

³ Non entramos nas (pequenas) diferencias que se poden observar. Baixo [x] e [h] consideramos tódalas posibles realizacións aínda que non sexa moi preciso.

b) Posconsonántica:	[ˈpul h aʃ]	‘pulgas’
	[ʃarˈ h oŋ]	‘xargón’
	[larˈ h ar]	‘largar’
	[karˈ x ar]	‘cargar’
	[koʎˈ x ar]	‘colgar’
	[desˈ h rasja]	‘desgracia’
	[ar x aˈneo]	‘arganeo’
	[desˈ h wases]	‘desguaces’
	[disˈ h ustos]	‘disgustos’
	[x arˈ x anta]	‘garganta’
	[saʎˈ x ejrɔ]	‘salgueiro’
	[saʎˈ x ar]	‘salgar’
c) Preconsonántica:	[ˈso h ro]	‘sogro’
	[neˈ h roŋ]	‘negrón’
	[areˈ h lar]	‘arregrar’
	[a h rikulˈtura]	‘agricultura’

Vemos, pois, que o [h] ou [x] poden aparecer, dependendo do falante, en calquera posición na palabra ou no enunciado –[uŋˈxatoˈxrande/uŋˈhatoˈhrande]– e pode afectar tanto as palabras patrimoniais –[xranˈdejra]– como os cultismos –[estomaˈtoloxo]– e os castelanismos –[iˈxlesja].

A única restricción que hai prodúcese cando aparece tras nasal en interior de palabra.

4. NASAL MÁIS VELAR EN INTERIOR DE PALABRA

Nas gravacións que ternos e nas enquisas que fixemos con esta finalidade, atopamos que as palabras que presentan [ŋg] no galego de *non gheada*, no galego de Rianxo poden presenta-las seguintes solucións:

1.- Mantense o grupo [ŋg], que é a solución maioritaria nas falas de *gheada* para este grupo de palabras (Fernández Rei 1990: 167):

[doˈmi ŋ go]	‘domingo’	[aŋˈgaso]	‘angazo’
[kaŋˈgreʃo]	‘cangrexo’	[ˈloŋgo]	‘longo’
[atali ŋ ˈgar]	‘atalingar’	[reˈliŋga]	‘relinga’
[siŋˈgir]	‘cinguir’	[fuŋˈgejrɔ]	‘fungueiro’
[tʃaŋˈgwi]	‘changüí’	[iŋˈgles]	‘inglés’
[iŋglaˈtera]	‘Inglaterra’		

2.- Prodúcese o enxorcemento do [g] dando lugar ó grupo [ŋk]:

[ˈka ŋ kos]	‘cangos’	[ˈloŋko]	‘longo’
[doˈmi ŋ ko]	‘domingo’	[aŋˈkaso]	‘angazo’
[niŋˈkuŋ]	‘ningún’	[ˈsaŋkre]	‘sangre’
[piŋˈkar]	‘pingar’	[piŋˈkejra]	‘pingueira’
[traŋkaˈlejro]	‘trangalleiro’	[paˈlaŋkre]	‘palangre’
[pa ŋ ˈkrejro]	‘palangreiro’		

3.- Na palabra **cangrexo**, e derivadas (**cangrexeira**) aparece a solución [nd]:

[kan'drefo] 'cangrexo' | [kan'dre'fejra] 'cangrexeira'

4.- Pode, nalgúns exemplos, aparece-la solución [ɲx] ou [ɲh]:

'enganchar'	[eɲxan'tʃar]	[eɲhan'tʃar]
'enganche'	[eɲ'xan'tʃe]	[eɲ'han'tʃe]
'engarzar'	[eɲxar'sar]	[eɲhar'sar]
'engurra'	[eɲ'xura]	[eɲ'hura]
'engrasar'	[eɲxra'sar]	[eɲhra'sar]
'engorda'	[eɲ'xorða]	[eɲ'horða]
'engatusar'	[eɲxatu'sar]	[eɲhatu'sar]
'enguarar'	[eɲxwa'ðar]	[eɲhwa'ðar]
'angustia'	[aɲ'xustja]	[aɲ'hustja]
'ingresar'	[iɲxre'sar]	[iɲhre'sar]

Como se ve nos exemplos, o tratamento que se dá no caso de [ɲg] non é uniforme. Calquera dos informantes pode presentar formas con [ɲg] ou con [ɲk], dependendo da palabra. Así, nun mesmo informante atopamos [ˈsaɲkre], [ˈloɲko], [ˈkaɲkos], [niɲˈkuɲ], pero tamén [doˈmiɲgo], [aɲˈgaso], [piɲˈgejra]. Ó lado destes exemplos que presentan [ɲg] ou [ɲk], onde no galego de *non gheada* hai [ɲg], incluímos tamén aqueles outros que no galego de *non gheada* presentan [ɲk] e que, no galego rianxeiro, presentan tamén a alternancia [ɲg] e [ɲk]. Así:

[deliɲˈgwentɐ]	alterna con	[deliɲˈkwentɐ]	'delincuente'
[deliɲˈgiri]	alterna con	[deliɲˈkiri]	'delinquir'
[ˈtʃaɲga]	alterna con	[ˈtʃaɲka]	'chanca'
[ˈtʃaɲˈgejro]	alterna con	[ˈtʃaɲˈkejro]	'chanqueiro'
[tʃaɲˈgaða]	alterna con	[tʃaɲˈkaða]	'chancada'
[tʃaɲˈgletas]	alterna con	[tʃaɲˈkletas]	'chancletas'

Hai informantes para os que [ˈmaɲgo] s.m. “rabo” e [maɲˈgar] “pó-lo mango a unha ferramenta” ou “roubar” se opoñen, corno ocorre no estándar, a [ˈmaɲko] a.m. “toco” ou [maɲˈkar] “magoar, ferir”. Hai outros para os que [ˈmaɲko] ‘manco’ e [ˈmaɲgo] ‘mango’ ou [maɲˈkar] e [maɲˈgar], son [ˈmaɲgo] e [maɲˈgar]. Así,

[maɲˈgowsenoβarko]	'mancouso no barco'
[duɲˈxolpekeðowˈmaɲgo]	'dun golpe quedou manco'

O mesmo ocorre con [tʃiɲˈkar] ‘chincar’ e [tʃiɲˈgar] ‘chingar’, que hai informantes que os unifican en [tʃiɲˈgar], mentres que outros os diferencian. Así, [tʃiɲˈgar] pode ser “choromicar” e tamén “ir soltando un líquido pouco a pouco” mentres que [tʃiɲˈkar] é o mesmo ca “chiscar, tocar ronsando”.

Moitas das palabras patrimoniais que presentan [ɲg] nuns falantes [aɲˈgaso] ‘anga-zo’, [ˈkaɲgos] ‘cangos’, poden, pois, aparecer como [ɲk] noutros [aɲˈkaso], [ˈkaɲkos]. De tódolos xeitos hai algúns exemplos que só nos aparecen con [ɲg]: [ataliɲˈgar] ‘atalingar’, [siɲˈgiri] ‘cinguir’.

A solución [ŋk], cando se dá procedente de [ŋg], aparece en persoas que superan os corenta anos. Só nun informante de vintetrés anos atopamos [paˈlaŋkre] ‘palangre’ e [paˈlaŋkrejro] ‘palangreiro’. Pola súa banda, [ˈtʃaŋˈgejro] ‘chanqueiro’ e [tʃaŋˈgaða] ‘chancada’ son as formas maioritarias das palabras que presentan [ŋg] procedentes de [ŋk].

Nos informantes da vila rexistramos maioritariamente a forma [kaŋˈdrefo] ‘cangrexo’ e [kaŋdreˈfejra] ‘cangrexeira’ con [ŋd] nasal máis dental oclusiva sonora, alternando coas formas [ŋk] ou [ŋg] de todo o concello: [kaŋˈkrefo] ou [kaŋˈgrefo].

A aparición de aspirada faringal xorda [h] ou de velar fricativa xorda [x] tras nasal en interior de palabra queda reducida practicamente a palabras que presentan o prefixo *en* ou que pode interpretarse como tal: [eŋxanˈtʃe] ‘enganche’, [eŋxorˈðar] ‘engordar’, [eŋxolˈfarse] ‘engolfarse’. As palabras [iŋgresˈsar] ‘ingresar’ e [aŋˈgustja] ‘angustia’ presentan a solución [ŋg], [ŋh], ou [ŋx].

No concello de Rianxo non se pode falar dunha situación uniforme no grupo [ŋg]. Debeu, nalgún momento da historia da lingua, producirse a nivelación entre [ŋg] e [ŋk], da que fala Santamarina (1980), pois son moitos os exemplos que aínda se poden recoller. Por outra parte, a identificación entre [ŋg] e [ŋk] (e tamén [ŋd]) parece confirmar isto. Hoxe, cremos, pódese falar dunha situación de variantes lexicalizadas en todo o concello, que se están regularizando, segundo parece, seguindo a distribución do galego de *non gheada*.

Os informantes de máis idade que presentan exemplos de [ŋk] van modificando esta pronuncia se son conscientes de que a solución máis usual é a de [ŋg]⁴. Os falantes máis novos seguen xa, maioritariamente, esa distribución: [niŋˈgʊŋ] ‘ningún’, [diliŋˈkir] ‘delinquir’⁵.

5. INCORPORACIÓN DE CASTELANISMOS

Distinguiremos, por razón de claridade, entre as voces castelás que presentan /x/ e as que presentan /g/.

5.1. Palabras castelás con /x/

Neste grupo hai un número de palabras, non moi amplo, nas que o /x/ do castelán, baseándose en numerosas equivalencias e seguindo a tendencia maioritaria no galego, é adaptado á fala substituíndoo por /ʃ/: [anˈtoʃo] ‘antoxo’, [antoˈʃar] ‘antoxar’, [paˈreʃa] ‘parexa’, [koˈneʃo] ‘conexo’, [baˈraʃa] ‘baraxa’, [peˈleʃo] ‘pelexo’, [espeleˈʃar] ‘espelexar’, [kaleˈʃoŋ] ‘calexón’... Estas palabras así adaptadas substituíron totalmente, na

⁴ Un dos informantes pronuncia [ˈpiŋka] ‘pinga’ e [ˈsaŋke] ‘sangue’, e corríxe inmediatamente en [ˈpiŋga] e [ˈsaŋge] pois “así disíanos antes”.

⁵ Como xa se dixo, os falantes máis novos non presentan confusión entre [ŋg] e [ŋk], fóra eses termos dos que falabamos: *chanqueiro*, *changa*, *palangre*.

fala que nos ocupa, as voces patrimoniais correspondentes: [an'to'lo] 'antollo', [an-to'lar] 'antollar', [pa're'la] 'parella', [ko'e'lo] 'coello', [ba'ra'la] 'baralla'... Se se escoita algunha destas formas, con toda certeza estamos ante unha forma recuperada. Atopamos un exemplo no que conviven, segundo os falantes, a forma patrimonial **partilla** e o castelanismo adaptado **partixa**. É dicir, que neste caso o castelanismo non conseguiu, de momento, desbotar a forma patrimonial. Algunha destas formas adaptadas con /ʃ/ son xa sentidas como propias e mesmo conviven co castelanismo sen adaptar. Así, ó lado de [ba'ra'ʃa] 'baraxa' e [bara'ʃar] 'baraxar', atopamos [ba'ra'xa] 'baraja' e [ba'ra'xar] 'barajar'; ó lado de [pa're'ʃa] 'parexa' atopamos [pa're'xa] 'pareja'. Neste último exemplo, nalgúns informantes, o castelanismo sen adaptar ve restrinxido o seu significado, de xeito que [pa're'xa] só se refire a un modo de pesca ou, nalgúns poucos casos, o referente é a parella da Garda Civil.

Ó lado destes castelanismos adaptados con /ʃ/, na fala dos rianxeiros rexístrase un número considerable de voces castelás incorporadas sen sufrir este tipo de adaptación. E dicir, hai unha grande afluencia de voces castelás con /x/ que son pronunciadas con velar fricativo xordo: [εβaŋ'xeljos] 'evangelios', [ε'xemplos] 'ejemplos', ['birxe] 'Virgen', [kom'plexo] 'complejo', [seme'xante] 'semejante', [eskara'βaxo] 'escarabajo'.

Nos falantes que presentan gheada con realización aspirada faringal xorda –os habitantes de Taragoña, Araño, Asados e Isorna maiores de trinta e cinco anos– estas palabras son adaptadas co aspirado faringal xordo e non co velar. De xeito que voces castelás como ['birheŋ] 'Virgen', ['hefe] 'jefe', [o'siheno] 'oxígeno', [oʃ'rohos] 'os rojos', [ro'hita] 'rojita', [sar'heŋto] 'sargento', [huβen'tu] 'juventud', ['hweβeʃ] 'jueves', [ko'lehjo] 'colegio', son pronunciadas cun son que, en principio, non posúen no castelán, é dicir, con fonética galega. E isto ocorre tamén cos nomes propios, [ho'se] 'José', ['hwana] 'Juana', etc. Rexístrase tamén, como no caso das voces adaptadas con /ʃ/, a convivencia da forma galega coa forma castelá. Así, nalgúns informantes aparece [mu'ʎer] 'muller' e [mu'her] 'mujer'. Neste grupo de convivencia da forma galega coa castelá, poderíamos incluír tamén aquelas que están entrando vía recuperación: [ko'lexjo], [ko'lehjo], [ko'leʃjo] 'colegio'; [xuβen'tu], [huβen'tu], [ʃuβen'tu] 'juventud'; [xefe], ['hefe], [ʃefe] 'jefe'; etc.

Os castelanismos que presentan nasal velar e velar fricativa xorda –[koŋ'xunto] 'conjunto', [koŋxe'lar] 'congelar'– compórtanse na súa incorporación exactamente igual cás palabras que acabamos de ver: ou ben son pronunciadas con velar fricativa xorda [koŋ'xunto], [koŋxe'lar] ou co aspirado faringal xordo [koŋ'hunto] [koŋhe'lar]; e o mesmo acontece tamén cos nomes propios como [aβaŋxe'lina], [aβaŋhe'lina] 'Evangelina'.

5.2. Palabras con /g/

As palabras que en castelán teñen /g/ e son incorporadas á fala rianxeira, pronúncianse, maioritariamente, con [x] ou [h], dependendo do falante. Así ['alxjen] 'alguien', [anti-xwa'mente] 'antiguamente', [i'xlesja] 'iglesia', [oβli'xar] 'obligar' ou ['alhjen], [anti-hwa'mente], [i'hlesja], [oβli'hhar]. Mesmo se oen con estes sons os reforzos iniciais

casteláns de palabras como [ˈxwesos] ‘huesos’ ou [ˈxwɛβos] ‘huevos’ e [ˈhwesos] ou [ˈhweβos]. O mesmo ocorre cos nomes propios: [ɔlˈxita] ‘Olguita’, [xiˈlɛrmo] ‘Guillermo’, [ˈbixo] ‘Vigo’ ou [ɔlˈhita], [hiˈlɛrmo], [ˈbiho]. Os castelanismos que presentan a secuencia nasal velar e velar oclusiva sonora, son adaptados da mesma maneira: [eɲxaˈɲar] ‘engañar’, [eɲˈxaɲo] ‘engaño’ ou [eɲhaˈɲar], [eɲˈhaɲo]. A excepción: [xeɾiɲˈgiɫa] ‘jeringuilla’. Son moi poucos os exemplos de voces tomadas do castelán que manteñen o velar oclusivo sonoro sen adaptar. Só nalgúns falantes novos rexistramos esporadicamente [gwarðeˈria] ‘guardería’, [ˈgweβos] ‘huevos’, [ˈgwɛɫva] ‘huelga’ ou [ˈfwexo] ‘fuego’.

Vemos, pois, que as voces tomadas do castelán —é dicir, os castelanismos— son introducidos na fala dos rianxeiros —fóra aquelas poucas formas que se adaptaban con /ʃ/— cos sons velar fricativo xordo ou co aspirado faringal xordo segundo os hábitos lingüísticos do falante, sen importar que a palabra castelá presente /x/ ou /g/. Así, as palabras castelás **juerga** e **juego**, son pronunciadas maioritariamente [ˈxwɛɾxa] ou [ˈhwɛɾha] e [ˈxwexo] ou [ˈhwɛho]. Mesmo non é nada estraño oír [ˈxwɛɫxa] ou [ˈhwɛɫha].

É dicir, a adaptación do /x/ ou /g/ casteláns ó galego rianxeiro, neste tipo de voces das que estamos a falar, coincide coas realizacións fonéticas que presenta a *gheada*; ou dito doutro xeito, coincide coas realizacións que o /g/ das falas que non presentan *gheada* ten na fala de Rianxo. Isto explica que algúns dos informantes, os que non posúen unha competencia lingüística moi requintada ou aqueles que teñen máis idade e, polo tanto, están menos asimilados culturalmente, presenten, cando queren falar nun galego máis culto —cando queren falar “fino”— ou cando queren falar en castelán, unha realización oclusiva ou fricativa velar sonora nestes casos. Así, [garˈðiɲ] ‘jardín’, [gaˈmas] ou [koˈlexjo] ‘colegio’ son algúns dos exemplos que atopamos nun informante cando falaba galego, mentres que [ˈgwevo] ‘juego’ [ˈgwɛɾva] ‘huelga’ [ˈgente] ‘gente’, escoitáronselle a unha persoa que falaba castelán. Esta adaptación do son [x] ou [h] como [g] é o que se pode denominar *gueada* e nalgúns falantes rianxeiros (moi poucos) pode darse tanto falando galego “fino” como intentando falar castelán.

Falando castelán tamén se rexistra o fenómeno contrario. É dicir, voces como **tengo** ou **vengo**, poden ser escoitadas como **tenjo** e **venjo**.

Estas formas con *gueada* en galego e castelán ou con *gheada* en castelán son, evidentemente, esporádicas e só se escoitan en persoas que non posúen unha grande competencia lingüística. As persoas máis novas distinguen, xa sexa pola aprendizaxe na escola, xa sexa polo modelo lingüístico do galego ou do castelán que empregan os medios de comunicación, maioritariamente os sons [g] ou [x] e son inexistentes os exemplos de confusión destes sons nos falantes deste grupo.

Do que levamos exposto, podemos concluír:

- A *gheada* no concello de Rianxo con realización [h] está retrocedendo e sendo substituída pola realización [x].

- Nas palabras que presentan os grupos [ŋg] ou [ŋk], a solución que se está impondo é a que presenta o modelo lingüístico maioritario.
- Os castelanismos adaptaciónanse cos mesmos sons que presenta a gheada. Os máis novos, con maior formación escolar, empezan a substituír estes castelanismos polos termos normais galegos.
- A utilización da gheada está en claro retroceso nos contextos formais, mentres que nos informais aínda se utiliza maioritariamente.

6. UTILIZACIÓN DA GHEADA

No seu estudio sobre ‘Gheada e situación’, Recalde (1994: 363) concluía que, como toda forma dialectal adquirida na infancia, a gheada úsase “máis frecuentemente cando os intercambios comunicativos se producen entre iguais, en situacións que teñen como marca esencial a intimidade e a familiaridade entre interlocutores”, mentres que o seu uso “descende sensiblemente cando o interlocutor non é un membro grupal nin, probablemente, da comunidade (profesor), ou cando a situación sustenta un elevado grado de ritualización e institucionalización (unha exposición pública)”.

En termos xerais podemos dicir que a maioría dos rianxeiros fala espontaneamente, en contextos informais e cos seus iguais, con gheada. Agora ben, cando esta situación apuntada se modifica –contextos considerados formais ou algunha persoa allea ó grupo habitual– prodúcese un cambio no comportamento lingüístico que se manifesta na utilización dun galego sen gheada, ou, dito doutro xeito, na corrección da gheada.

E aquí hai que distinguir entre os que posúen unha maior formación e, polo tanto, maior competencia lingüística no castelán ou no galego “culto” –os que teñen arredor de corenta e cinco anos– e os que están menos asimilados culturalmente –os que teñen máis de cincuenta anos–. Os primeiros non teñen case ningún tipo de atranco cando queren utiliza-lo /g/. Sen embargo os segundos tropezan con máis dificultades e se a palabra presenta *seseo* e *gheada* –**gracia, García**– a corrección resulta extremadamente difícil: [ˈgrasja] ou [ˈxraθja] e [garˈsia] ou [xarˈθia] son as realizacións máis comúns nestes casos.

Constatamos tamén a existencia dun grupo reducido de mozos novos –que xa tiveron galego na escola– que emprega a *gheada* como signo de diferenciación e de afirmación de identidade. Neste reducido grupo de informantes mesmo se empeza a oír algún caso de [x] tras nasal en interior de palabra: [niŋˈxuŋ] ‘ningún’ e [niŋˈxɛŋdeniŋˈxures] ‘ninguén de ningures’.


O comportamento lingüístico dos rianxeiros sobre a *gheada* está orixinado pola actitude negativa que de xeito máis ou menos consciente se dá en toda a sociedade. A *gheada* foi –e é– obxecto de virulentos ataques e, malia o seu recoñecemento como

fenómeno característico galego, segue excluído da lingua falada nos medios de comunicación, da utilizada nas escolas, na igrexa, na administración, na propia Universidade e mesmo nos congresos. Ben é verdade que tamén hai outros factores que interveñen no uso normal da gheada –idade, estudos, ideoloxía, economía, os contextos– pero é o concepto que se ten da *gheada*, considerada como un trazo vulgar, como un signo de incultura, o que determina esta actitude negativa.


A actitude negativa cara a gheada pode comprobarse tamén naqueles pais que, concienciados lingüisticamente, falan entre si con gheada e seseo pero que falan cos fillos evitando estes fenómenos e mesmo os corrixen cando estes os empregan, porque, socialmente, son trazos lingüísticos que se rexeitan. A gheada no concello de Rianxo –e en tódalas falas que a posúen– é un fenómeno lingüístico en claro retroceso.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, R. / X. L. Regueira / H. Monteagudo (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
Recalde Fernández, M. (1994): “Gheada e situación”, *Verba* 21, 339-367.
Santamarina, A. (1980): “Novas consideracións ó redor das orixes da *geada*”, *Verba* 7, 243-249.



Mapa 1



Mapa 2

- PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES 1996 -

RIANDE

RESUMEN:

ENTIDAD	VIVIENDAS FAMILIARES	VIVIENDAS VAGAS O TIEMPO.	LOCALES	PERSONAS		ADIENTES		PERSONAS INCHILLAS
				VARIOS	MUJERES	VARIOS	MUJERES	
RIANDE (Vila)	462	247	194	789	820	12	4	1.425
RIANDE (Vila)	362	279	96	666	697	28	3	1.354
RIANDE (Royal)	308	98	35	571	628	26	9	1.234
TOTALES.....	1.132	620	325	2.026	2.145	66	16	4.213
<u>BOCINA</u>	193	30	22	356	390	18	7	801
<u>LEIRO</u>	306	76	19	516	542	6	2	1.066
<u>ARABO</u>	416	91	34	732	843	60	29	1.660
<u>ACADOS</u>	445	95	40	824	879	25	3	1.731
<u>PARAGORRA</u>	742	154	133	1.264	1.377	68	13	2.782
TOTAL MUNICIPAL..	3.232	1.074	576	5.748	6.136	243	66	12.193

RIANDE, a 25 de Setembro de 1.996.

EL ASESOR LOCAL,

[Firma]
 7/ Antonio Louren Martínez.-

Padrón Municipal. 1996